

SOLEMNIDADES DO SEÑOR
DO
TEMPO «PER ANNUM»

Domingo despois de Pentecostés

SOLEMNIDADE DA SANTÍSIMA TRINIDADE

166.-

PRIMEIRA LECTURA

Antes de que se fixera a terra xa fora concibida a Sabedoría

Lectura do libro dos Proverbios 8, 22-31

Isto di a Sabedoría de Deus:

«O Señor posuíume ó enceta-la súa tarefa,
antes das súas primeiras actividades;
desde a antigüidade, desde o remoto pasado fun formada,
antes das orixes da terra.

Aínda non había océanos abismais, cando fun xerada,
nin había mananciais de auga;
antes de que fosen afincadas as montañas,
denantes dos outeiros fun dada a luz;
aínda non fixera a terra e as campías
nin os terróns primeiros do mundo.

Cando afirmaba o ceo, alí estaba eu;
cando gravaba o cerco arredor do abismo,
cando aseguraba as nubes no alto
e daba enerxía ás fontes subterráneas,
cando lle impuxo os lindes ó mar
de xeito que as augas non incumprisen o seu mandato,
cando fixaba os alicerces da terra,
alí mesmo estaba eu, cabo del, coma un aprendiz:
eu era o seu pracer día tras día:

Entretíñame diante del continuamente,
recreábame no orbe da terra.
A miña delicia é estar cos fillos dos homes.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 8, 4-5. 6-7. 8-9 (R.: 2a)

R.: ¡Señor, noso Señor, que grande é o teu nome en toda a terra!

Cando contemplo o ceo, feitura da túa man,
a lúa e as estrelas que nel dispuxeches,
¿que é o home, para que te lembres del,
o fillo do home, para que o veñas visitar? **R.**

Fixéchelo pouco menos ca un anxo,
coroáchelo de honor e dignidade;
décheslle mando sobre as obras das túas mans,
todo o sometiches baixo os seus pés. **R.**

Rabaños de ovellas e touros,
e mesmo os animais en liberdade,
os paxaros do ceo e os peixes do mar,
que fan carreiros polas augas. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Chegamos a Deus por medio de Cristo no amor derramado polo Espírito

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **5, 1-5**

Irmáns:

Xustificados pola fe, estamos en paz con Deus, por medio do noso Señor Xesús Cristo. Por El temos tamén acceso na fe a esta gracia na que nos mantemos; e nos sentimos ledos coa esperanza de acadal-a gloria de Deus.

E non só isto, senón que nos alegramos nas tribulacións, sabendo que a tribulación enxendra a paciencia, a paciencia proba a fidelidade e a fidelidade produce a esperanza.

E a esperanza non falla, porque o amor de Deus verteuse nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Ap 1, 8

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Gloria ó Pai e ó Fillo e ó Espírito Santo,
ó Deus que é, e que era, e que virá.
Aleluia.

EVANXEO

**Todo o que ten o Pai é meu;
o Espírito recibe do meu e darávolo a coñecer**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 16, 12-15

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podedes con elas agora. Cando veña El, o Espírito da Verdade, havos encamiñar á verdade plena, pois non vos falará pola súa conta, senón que vos dirá o que escoitou e anunciarávo-lo que ha de pasar.

El hame glorificar, pois recibirá do meu e interpretarávolo. Todo o que ten o Pai é meu, por iso vos dixen que recibirá do meu e volo interpretar.

Todo o que ten o Pai é meu, por iso díxenvos que recibirá do meu e volo interpretará a vós.»

Palabra do Señor.

Domingo despois da festa da Stma. Trinidade

SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

169.-

PRIMEIRA LECTURA

Ofreceu pan e viño

Lectura do libro da Xénese 14, 18-20

Naqueles días, Melquisédec, rei de Salem, presentou pan e viño, pois era sacerdote do Deus Altísimo, e bendiciu a Abrán con estas palabras:

—«Bendito sexa Abrán polo Deus Altísimo, que fixo ceo e terra. Bendito sexa o Deus Altísimo, que puxo os teus inimigos na túa man.»

Abrán deulle a Melquisédec o dezmo de todo.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 109, 1. 2. 3. 4 (R.: 4bc)

R.: Ti es sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec.

Palabra do Señor ó meu Señor:

«Senta á miña dereita,
mentres poño os teus inimigos
por estrado dos teus pés.» **R.**

O Señor estenderá desde Sión
o cetro do poder:
domina nos teus inimigos. **R.**

«Ti es príncipe desde o día do teu nacemento,
tes aura sagrada desde o seo;
xereite coma orballo antes da aurora.» **R.**

O Señor xurouno, e non se arrepinte:
«Ti es sacerdote para sempre
conforme ó rito de Melquisédec.» **R.**

SEGUNDA LECTURA

Cantas veces comedes e bebedes, anunciáde-la morte do Señor

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

11, 23-26

Irmáns:

Eu recibín do Señor, e transmitivos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar gracias, partiuno e dixo:

—«Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.»

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

—«Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebades, facédeo en memoria miña.»

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes desta copa, anunciáde-la morte do Señor, ata que El volva.

Palabra do Señor.

SECUENCIA

Ad libitum: Lauda, Sion, Salvatorem:

Loémo-lo Salvador,
o noso guía e pastor,
cun cantar afervoado.

Loémolo xeneroso,
pois don tan marabiloso
nunca o daremos loado.

A razón de tal loanza,
o pan vivo no que alcanza
o pobo gozosa vida.

Ós doce en leda irmandade
fora entregado en verdade
na cea de despedida.

Ampla e sonora cantiga:
que fale a alma e bendiga
con indecible ledicia.

Hoxe é a recordación
da primeira institución
desta mesa sen malicia.

Na mesa do novo Rei,
nova Pascua, nova lei,
o tempo vello termina.

O novo vence ó que é vello,
a verdade ó seu espello,
e a luz a noite ilumina.

Cristo mándanos facer
na súa memoria e querer
o que na Cea el fixera.

Seguindo no seu camiño
consagramos pan e viño
cal hostia de amor sincera.

Dogma para o pobo cristián:
en carne tórnase o pan
e o viño faise sangue.

A fe confirme animosa
o que a razón pretenciosa
non entende nin abrangue.

Baixo unha humilde aparencia
de signos, late a presencia
de cousas marabillosas.

Mantenza a carne, e bebida
o sangue, Cristo todo vida
en cada parte gozosa.

Quen o come, toma enteiro
o seu corpo sobranceiro
non diviso nin rompido.

Come un e comen mil,
tanto este coma aquil,
e non se dá consumido.

Os bos e os malos o comen,
con dispar sorte o consomen:
lance de vida ou de morte.

Morte ó malo, vida ó bo,
única mesa de unión
pero moi distinta sorte.

Partido xa o sacramento,
non dubides, olla atento
que tanto encerra o fragmento
coma todo o corpo enteiro.

Non hai no fondo fisura,
só o signo se fractura,
nin o amor nin a feitura
reve do que é verdadeiro.

O pan dos anxos foi feito
de camiñantes proveito;
pan para os fillos é feito,
que non para darrle ós cans.

En símbolos presignado:
con Isaac inmolado,
año pascual ofrendado,
para os antergos maná.

Bo pastor, pan sobranceiro,
pan para o pobo esmoleiro,

mantennos e sé o guieiro
que nos conduza certeiro
ata as fontelas da vida.

Ti, Señor de canto hai,
que termas de nós, mortais,
fáino-los teus comensais
coas multitudes triunfais
na mesa en ti compartida. Amén.

Ou, más breve: Ecce panis:

O pan dos anxos foi feito
de camiñantes proveito;
pan para os fillos é feito,
que non para darrle ós cans.

En símbolos presignado:
con Isaac inmolado,
año pascual ofrendado,
para os antergos maná.

Bo pastor, pan sobranceiro,
pan para o pobo esmoleiro,
mantennos e sé o guieiro
que nos conduza certeiro
ata as fontelas da vida.

Ti, Señor de canto hai,
que termas de nós, mortais,
fáino-los teus comensais
coas multitudes triunfais
na mesa en ti compartida. Amén.

Aleluia Xn 6, 51

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu son o pan vivo, que descendín do ceo, di o Señor;
quen coma deste pan, vivirá eternamente.

Aleluia.

EVANXEO**Comeron e saciáronse todos**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 9, 11b-17

Naquel tempo, faláballe Xesús á xente do Reino de Deus e curaba a cantes o necesitaban. E como empezaba a cae-lo día, achegáronse os Doce e dixéronlle:

—«Despide a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.»

Pero el replicoulles:

—«Dádelles vós de comer.»

Eles contestaron:

—«Pero ¡se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaiamos nós mercar mantenza para toda esta xente.»

Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolle ós seus discípulos:

—«Colocádeos en grupos de cincuenta.»

Dixéronllelo, e sentaron todos. El, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a vista ó ceo, bendiciunos, partiunos e déullelos ós discípulos, para que llelos servisen á xente. Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron áinda doce cestas.

Palabra do Señor.

172.-

Venres do segundo domingo
despois de Pentecostés

SOLEMNIDADE
DO SACRATÍSIMO CORAZÓN
DE XESÚS

PRIMEIRA LECTURA

Pastorearei as miñas ovellas e fareinas acougar

Lectura do libro de Ezequiel 34, 11-16

Así fala o Señor:

«Velaí, eu en persoa virei
seguírlle-las pisadas ás miñas reses e buscalas.

O mesmo que mira o pastor polos años,
o día en que el se atopa diante do rabaño dispersado,
así eu vou mirar polas miñas reses,
e vounas salvar, sacántoas de tódolos sitios
por onde se espallaron un día de nubes e escuridade.

Vounas sacar de entre os pobos,
vounas reunir dos países,
e vounas facer volver á súa terra
e pastorealas nos montes de Israel,
nos vales e en tódolos lugares habitables do país.

Fareinas pastar en bos pasteiros,
e nos montes do alto Israel estarán as súas pradeiras,
acougarán alí en boas camposas
e pastarán en pasteiros fértiles nos montes de Israel.

Eu mesmo apacentarei o meu rabaño,
 e eu en persoa fareino acougar
 —é o meu Señor, quen fala—.
 Buscarei a ovella perdida,
 farei volve-la extraviada,
 vendarei a que ten a pata partida,
 fortalecerei á feble,
 pero farei que perezan a gorda e a forte.
 Apacentarei o meu rabaño conforme a xustiza.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6 (R.: 1)

R.: O Señor é o meu pastor: nada me falta.

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
 En pastos verdecentes faime repousar.
 El lévame a beber en augas tranquilas
 e repón as miñas forzas. **R.**

Guíame por vereas rectas,
 por mor do seu nome.
 Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
 ningún mal temería, pois ti vas comigo:
 o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego. **R.**

Ti pos para min a mesa,
 á cara dos meus inimigos;
 únxesme con perfume a cabeza,
 e a miña copa reborda. **R.**

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
 tódolos días da miña vida.
 Eu habitarei na casa do Señor
 por días prolongados sen fin. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Deus demostróuno-lo seu amor

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **5, 5b-11**

Irmáns:

O amor de Deus verteuse nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

Pois xa cando nós estabamos áinda sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos.

Non é doado, en verdade, que alguén morra por un home xusto (anque por un home bo, áinda haxa alguén que estea disposto a morrer); pero Deus demostróuno-lo seu amor no feito de que, sendo áinda pecadores, Cristo morreu por nós.

Con más razón logo, xustificados agora polo seu sangue, seremos por El salvos da ira.

Porque, se cando eramos áinda inimigos, fomos reconciliados con Deus mediante a morte do seu Fillo, canto más agora, xa reconciliados, seremos salvos pola súa vida.

Aínda máis: mesmo nos sentimos ledos en Deus por medio do noso Señor Xesús Cristo, por quen agora recibímo-la reconciliación.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 11, 29ab

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Cargade co meu xugo, di o Señor,
e aprendede de min que son bo e humilde de corazón.
Aleluia.

Ou:

Xn 10, 14

Aleluia, aleluia.

Eu son o bo pastor, di o Señor,
e coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min.
Aleluia.

EVANXEO**Felicitádeme porque encontrei a ovella que perdera****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 15, 3-7**

Naquel tempo, díxolle Xesús ós escribas e fariseos esta parábola:

—«¿Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa con ela no lombo; e chamando por amigos e veciños, dilles: “Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera.”

Pois asegúrovos unha cousa: no ceo haberá más alegría por un pecador que se converte que por noventa e nove xustos que non precisan conversión.»

Palabra do Señor.

TEXTOS COMÚNS

PARA O CANTO DOS SALMOS RESPONSORIAIS

O salmo normalmente cóllese do Leccionario, xa que cada un e o seu texto están relacionados directamente con cada lectura; a escolleita do salmo depende das lecturas. Emporiso, para que o pobo poida cantar doadamente a resposta salmódica, escolléronse algúns textos de respostas e salmos para cada tempo do ano e para cada categoría de Santos; poderanse empregar no canto do texto que responde a lectura, sempre que o salmo se cante (*Ordenamento Xeral do Misal Romano*, núm. 36).

173.-

RESPONSORIOS

Advento:

¡Ven, Señor, a liberarnos!

Nadal:

Hoxe contemplámo-la túa gloria, Señor.

Coresma:

Lémbrate, Señor, da túa misericordia e fidelidade.

Pascua:

Aleluia. (dúas ou tres veces)

«Per annum»:

a) Con salmo de loanza:

Aclamade o Señor porque é bo.

Ou:

Aclamarémoste, Señor,
porque as túas obras son marabillas.

Ou:

Cantádelle ó Señor un cántico novo.

b) Con salmo deprecativo:

O Señor está cerca dos que o invocan.

Ou:

Escóitanos, Señor, e sálvanos.

Ou:

O Señor é clemente e misericordioso.

174.-

SALMOS

Advento:

1

Sal 24, 4bc-5ab. 8-9. 10 e 14 (R.: 1b)

R.: A ti, Señor, elevo a miña alma.

Amósame, Señor, os teus camiños,
ensíname os teus sendeiros,
diríxeme na túa verdade, apréndeme,
que ti e-lo meu Deus salvador. R.

O Señor é bo e recto:

por iso lles ensina o camiño ós pecadores;
El dirixe na xustiza os humildes,
e amósalle-lo seu camiño ós pobres. R.

Os camiños do Señor son todos misericordia e lealdade,
para os que gardan a súa alianza e os seus preceptos.
É grande a confianza do Señor cos que o temen
e maniféstalle-la súa alianza. R.

2

Sal 84, 9ab-10. 11-12. 13-14 (R.: 8a)

R.: Amósanos, Señor, a túa misericordia.

Escoitarei o que di o noso Deus:
certamente o Señor fala de paz.
A salvación está xa preto dos que o temen,
a gloria habitará na nosa terra. R.

A misericordia e a fidelidade atoparanse,
abrazaránse a xustiza e maila paz.
Na terra xermolará a fidelidade,
a xustiza ollará desde o ceo. R.

O Señor ha da-lo seus bens,
e a nosa terra vai da-los seus froitos.
A xustiza camiñará diante del,
e a salvación seguirá as súas pegadas. R.

Nadal:

3

Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4. 5-6 (R.: 3c)

R.: Os confíns todos da terra percibiron a victoria do noso Deus.

Cantade ó Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas;
a súa destra deulle a victoria,
o seu brazo santo. R.

O Señor dá a coñece-la súa victoria,
revela a súa xustiza ante os pobos.
Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade
coa casa de Israel. R.

Os confíns todos da terra percibiron
a victoria do noso Deus.
Aclama ó Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar. R.

Tocade para o Señor a cítara,
 a cítara e tamén o salterio;
 con claríns e co son das trompetas
 aclamade o Señor noso rei. **R.**

Epifanía:

4

Sal 71, 2. 7-8. 10-11. 12-13 (R.: 11)

R.: Prostraránse ante el tódolos reis da terra,
 servirano tódalas nacións.

Que rexá ó teu pobo con xustiza,
 e os teus pobres con equidade. **R.**

Florecerá a xustiza nos seus días,
 unha prosperidade duradeira coma a lúa.
 Dominará de mar a mar,
 desde o gran río ata o cabo da terra. **R.**

Ofreceránlle regalos os reis de Tárxis e das illas,
 os reis de Saba e de Sebá pagaranlle tributo.
 Prostraránse ante el tódolos reis da terra,
 servirano tódalas nacións. **R.**

El librará o pobre que suplica,
 o aflixido que está sen axuda.
 Terá piedade do feble e do indixente,
 e salvará a vida dos pobres. **R.**

Coresma:

5

Sal 50, 3-4. 5-6a. 12-13. 14 e 17 (R.: cf. 3a)

R.: Apiádate de nós, Señor, porque pecamos.

Compadécete de min, oh Deus, pola túa bondade;
 pola túa gran misericordia, borra o meu pecado;
 lávame enteiro da miña iniquidade,
 límpame da miña culpa. **R.**

Eu recoñezo o meu pecado,
e diante de min teño sempre a miña culpa.
Contra ti eu pequei, contra ti só. **R.**

Crea, oh Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro con espírito firme;
non me botes da túa presencia,
e non tires de min o teu santo espírito. **R.**

Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme cun espírito xeneroso.
Abre, Señor, os meus labios,
e a miña boca pregoará a túa loanza. **R.**

6

Sal 90, 1-2. 10-11. 12-13. 14-15 (R.: cf. 15b)

R.: O Señor estará comigo na aflicción.

Ti que habitas ó abeiro do Altísimo
e moras á sombra do Omnipotente,
dille ó Señor: «Meu refuxio, miña forza,
meu Deus, en quen confío.» **R.**

Ningún mal te atinxirá,
ningunha praga se achegará á túa tenda,
porque el mandará os seus anxos onda ti,
para que te garden en tódolos camiños. **R.**

Levarante nas súas mans,
para que non bata na pedra o teu pé.
Poderás camiñar sobre áspides e víboras,
e esmaga-lo león e o dragón. **R.**

Hei libralo, porque se apagou a min;
hei protexelo, porque coñece o meu nome.
Cando me chame, hei responderlle;
con el estarei na aflicción,
para defendelo e honralo. **R.**

Sal 129, 1-2. 3-4ab. 4c-6. 7-8 (R.: 7)

R.: Do Señor vén a misericordia e nel a redención é cumplida.

Desde os abismos clamo a ti, Señor;
Señor, escoita a miña voz.
Ten atentos os oídos
á voz da miña súplica. R.

Se levas conta dos pecados, Señor,
Señor, ¿quen podrá terse en pé?
Mais en ti está o perdón
para te faceres respectar. R.

Eu espero no Señor,
a miña alma espera na súa palabra;
a miña alma agarda polo Señor,
máis do que os vixías a aurora. R.

Agarde Israel polo Señor,
pois do Señor vén a misericordia
e nel a redencion é cumplida.
El é quen redime a Israel
de tódolos pecados. R.

Semana Santa:

Sal 21, 8-9. 17-18a. 19-20. 23-24 (R.: 2a)

R.: Meu Deus, meu Deus, ¿por qué me abandonaches?

Tódolos que me ven fan burla de min,
torcendo os labios, movendo a cabeza:
«Confiou no Señor, que El o libre,
que El o salve, se é que o ama.» R.

Rodéanme mandas de cans,
cércame un fato de malvados,

tradearon as miñas mans e os meus pés,
e podo conta-los meus ósos. R.

Reparten os meus vestidos
e botan ás sortes o meu manto.
Pero ti, Señor, non esteas lonxe;
ti e-la miña forza, ven axiña axudarme. R.

Eu falareilles de ti ós meus irmáns,
loareite no medio da asemblea.
Servidores do Señor, loádeo,
liñaxe de Xacob, glorificádeo,
liñaxe de Israel, temédeo. R.

Na Noite Santa:

9

Sal 135, 1-3. 4-6. 7-9. 24-26 (R.: 1b)

R.: Porque é para sempre a súa misericordia.

Loade o Señor porque é bo,
R. Porque é para sempre a súa misericordia.

Loade o Deus dos deuses. R.

Loade o Señor dos señores. R.

Só El fai grandes prodixios. R.

Fixo os ceos con saber. R.

Asentou a terra sobre as augas. R.

Fixo luminarias xigantes. R.

O sol, para que rexá o día. R.

A lúa e as estrelas, para que rexan a noite. R.

E librounos dos nosos opresores. R.

El dá mantenza a todo ser vivo. R.

Loade o Deus do ceo. R.

Ou ben:

Sal 135, 1 e 3 e 16. 21-23. 24-26 (R.: 1b)

R.: Porque é para sempre a súa misericordia.

Loade o Señor porque é bo.

R. Porque é para sempre a súa misericordia.

Loade o Señor dos señores. R.

Guiou o seu pobo no deserto. R.

E déulle as súas terras en herданza. R.

En herданza a Israel, o seu servo. R.

Na nosa humillación acordouse de nós. R.

E librounos dos nosos opresores. R.

El dá mantenza a todo ser vivo. R.

Loade o Deus do ceo. R.

Pascua:

10

Sal 117, 1-2. 16ab-17. 22-23 (R.: 24)

R. Este é o día no que o Señor actuou:
alegrémonos nel e relouquemos.

Loade o Señor porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia. R.

A destra do Señor é excelsa,
a destra do Señor fixo proezas.
Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor. R.

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista. R.

11

Sal 65, 1-3a. 4-5. 6-7a. 16 e 20 (R.: 1)

R.: Aclama a Deus, terra enteira. Aleluia.

Aclama a Deus, terra enteira,
canta a gloria do seu nome;
réndelle o honor da loanza,
dille: «¡Que sorprendentes son as túas obras!» R.

Próstrase a terra toda ante ti
e canta salmos ó teu nome.
Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes. R.

El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
Co seu poder domina o mundo. R.

Vinde os que teméde-lo Señor,
e contaréivo-lo que el fixo por min.
Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor. R.

Ascensión:

12

Sal 46, 2-3. 6-7. 8-9 (R.: 6a)

R.: Deus sobe entre aclamacións.

Aplaudide, pobos todos,
aclamade a Deus con cancións.
O Señor é excelso e terrible,
o gran rei de toda a terra. R.

Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas.

Cantádelle a Deus, cantádelle,
cantádelle ó noso rei, cantádelle. R.

Deus é o rei de toda a terra:
cantádelle con xeito.
Deus reina sobre as nacións,
sentado no seu trono sagrado. R.

Domingo de Pentecostés:

13

Sal 103, 1ab e 24ac. 29bc-30. 31 e 34 (R.: cf. 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Alma miña, bendí o Señor.
Señor, meu Deus, ti es moi grande.
¡Cantas son, Señor, as túas obras,
a terra está chea das túas criaturas! R.

Retíra-lo teu alento, e expiran,
volven ó seu po.
Mánta-lo teu alento, e son creados
e renóva-la cara da terra. R.

Gloria ó Señor por sempre,
alégrese o Señor coas súas obras.
Que El acolla o meu cantar
e alegrareime eu no Señor. R.

«Per annum»:

14

Sal 18, 8. 9. 10. 11 (R.: Xn 6, 68c, ou ben: Xn 6, 63c)

R.: Señor, ti tes palabras de vida eterna.

Ou:

As túas palabras, Señor, son Espírito e vida.

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ó inxenuo. **R.**

Os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos. **R.**

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas. **R.**

Son más cobizables có ouro,
máis có metal precioso;
son más doces có mel,
máis có zume da antera. **R.**

15

Sal 26, 1. 4. 13-14 (R.: 1a)

R.: O Señor é a miña luz e salvación.

O Señor é a miña luz e salvación,
¿a quen hei de temer?
O Señor é a protección da miña vida,
¿diante de quen hei tremer? **R.**

Unha cousa lle pido ó Señor,
unha soa eu procuro:
habitar na casa do Señor
tódolos días da miña vida,
para gozar da dozura do Señor,
e contempla-lo seu templo. **R.**

Eu espero gozar da bondade do Señor
na terra da vida.
Espera no Señor, procede coma un valente,
ten corazón forte, espera no Señor. **R.**

16

Sal 33, 2-3. 4-5. 6-7. 8-9 (R.: 2a, ou ben: 9a)

R.: Bendigo o Señor en todo instante.

Ou:

Probade e vede o bo que é o Señor.

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.
Eu gloríome no Señor:
que escoiten os humildes e se alegren. R.

Exaltade comigo o Señor,
loemos xuntos o seu nome.
Eu busquei o Señor, El respondeume,
libroume de tódolos temores. R.

Contempládeo, e quedaredes radiantes,
os vosos rostros non os cubrirá a vergonza.
Este pobre clamou, e o Señor escoitouno,
librouno de tódolos apuros. R.

O anxo do Señor acampa entre os seus fieis
e dálles seguridade.
Probade e vede o bo que é o Señor:
feliz quen a El se acolle. R.

17

Sal 62, 2. 3-4. 5-6. 8-9 (R.: 2b)

R.: De ti ten sede a miña alma, Señor, meu Deus.

Deus, o meu Deus es ti, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma,
por ti devece o meu corpo,
coma terra reseca, sedenta, sen auga. R.

Miro cara a ti no santuario,
 para ve-lo teu poder e a túa gloria.
 A túa misericordia é preciosa máis cá vida,
 lóante os meus labios. R.

Toda a miña vida hei bendicirte
 levantando no teu nome as miñas mans.
 Coma de graxa e manteiga, hei quedar satisfeito,
 han loarte xubilosos os meus labios. R.

Ti e-lo meu auxilio,
 á sombra das túas ás estou contento.
 A miña alma está unida a ti,
 abrigoume a túa destra. R.

18

Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9ab (R.: 8ab)

R.: ¡Oxalá escoitasedes hoxe a voz do Señor!
 Non endurezáde-los vosos corazóns.

Vinde, cantémoslle ó Señor,
 aclamémo-la nosa rocha salvadora;
 acheguémonos á súa presencia dándolle gracias,
 aclamémolo con cancións. R.

Vinde, adorémolo prostrados,
 axeonllémonos perante o Señor, que nos creou,
 pois el é o noso Deus,
 e nós sómo-lo seu pobo, o rabaño que el guía.
 ¡Oxalá escoitedes hoxe a súa voz! R.

Non endurezáde-los vosos corazóns, coma en Meribah,
 coma o día de Masah, no deserto,
 onde os vosos pais me tentaron:
 provocáronme, por máis que tiñan visto os meus feitos. R.

19

Sal 99, 2. 3. 5 (R.: 3c)

R.: Sómo-lo seu pobo, as ovellas do seu rabaño.

Aclama ó Señor, terra enteira,
servide o Señor con alegría,
entrade á súa presencia con gritos de xúbilo. R.

Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que somos del,
que sómo-lo seu pobo,
as ovellas do seu rabaño. R.

Porque o Señor é agarimoso,
a súa misericordia dura por sempre,
a súa fidelidade, de xeración en xeración. R.

20

Sal 102, 1-2. 3-4. 8 e 10. 12-13 (R.: 8a)

R.: O Señor é misericordioso e clemente.

Alma miña, bendí o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendí o Señor,
non esquéza-los seus beneficios. R.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura. R.

O Señor é misericordioso e clemente,
tardo á ira e rico en mercés.
Non nos trata conforme ós nosos erros
nin nos paga conforme ás nosas culpas. R.

Canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas;
canto un pai ama os seus fillos,
así ama o Señor os que o temen. R.

21

Sal 144, 1-2. 8-9. 10-11. 13cd-14 (R.: cf. 1)

R.: Meu Deus e meu rei, hei bendici-lo teu nome por sempre.

Meu Deus e meu rei, quero enxalzarte
e bendici-lo teu nome por sempre.
Hei bendicirte cada día,
hei loa-lo teu nome por sempre. R.

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en misericordia.
O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras. R.

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.
Que pregoen a gloria do teu reino,
e falen do teu poder. R.

O teu reino é reino eterno,
o teu goberno dura por tódalas xeracións.
O Señor sostén os que están para caer
e endereita os que se dobran. R.

Últimas semanas:

22

Sal 121, 1-2. 3-4a. 4b-5. 6-7. 8-9 (R.: cf. 1)

R.: Imos alegres para a casa do Señor.

Moito me alegrei cando me dixerón:
«Imos ir á casa do Señor.»

Xa están os nosos pés
ás túas portas, Xerusalén. **R.**

Xerusalén, a cidade ben feita,
de compacta harmonía.
Alá soben as tribos, as tribos do Señor. **R.**

Conforme o costume de Israel,
a festexa-lo nome do Señor.
Alí están os tribunais de xustiza,
os tribunais da casa de David. **R.**

Desexádelle paz a Xerusalén:
«Vivan seguros os que te aman.
Haxa paz dentro dos teus muros,
seguranza dentro dos teus pazos.» **R.**

Por mor de meus irmáns e compañeiros,
direi: «A paz contigo.»
Por mor da casa do Señor, o noso Deus,
desexo para ti todo ben. **R.**